

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE ABRIL DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e un de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/03/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de marzo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de transporte Metropolitano de Santiago

Dáse conta da proposta de convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago.



O Sr. Iglesias do PSdeG-PSOE dá unha serie de explicacións sobre do contido do mesmo, facendo fincapé en que en relación co anterior convenio se incorporan tres concellos novos, que son O Pino, Touro e Trazo e que anteriormente a tarxeta era simple e a de agora, que se porá en funcionamento nos meses de xuño ou xullo, adáptase ás distintas tarifas.

Di tamén que existiu consenso entre todos os concellos en canto ás tarifas tanto de xubilados coma de estudantes, e noutros temas, como de minusvalía establécese nun 65%, dependendo o beneficio un pouco do informe da traballadora social

Tamén sinala que se conseguiron dúas liñas máis ata Ponte Ulla de Monbus, pero non así na liña da empresa Seoane S.L, e a partires de agora considérase como urbano non só os 12 km dende Santiago, senón todo o concello que entra na Fase I, cun prezo de 0,72 cts para os que dispoñan de tarxeta.

Por último solicita o consenso de todos os grupos na aprobación do convenio porque Vedra é un dos últimos concellos nos que se vai aprobar, en nos outros concellos si se acadou.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que non vai a ser posible o consenso, dado que segue sen existir ese compromiso da administración autonómica para promocionar o uso do transporte público de cara ó rural, e Vedra é un concello rural e ademais a maior parte das parroquias do concello seguen sen ter acceso a un servizo de transporte público con Compostela de calidade e suficientemente rápido.


Di tamén que é certo que se consegue unha redución de todos os billetes no transporte metropolitano e dúas liñas máis ata Ponte Ulla, pero pese e felicita o equipo de goberno por intentar que ó final entrara a liña que ten a concesión a empresa Seoane nun intento de negociación de conseguir unhas liñas máis directas, rápidas e nun periodo de proba, esas xestións non deron froito en parte pola empresa e en parte tamén pola falta de compromiso da administración autonómica, porque se se quere fomentar o transporte público no rural nun primeiro momento cómpre poñer enriba da mesa diñeiro, e isto non se fai, só se inviste en marquesiñas, sistemas tarifarios e aparellos para as tarxetas naqueles concellos nos que existe un área metropolitana, polo tanto mentres os convenios estean nestas condicións non vai refrendalos co seu apoio, porque segue sen ser positivo para Vedra

O Sr. Alvela de TEGA di que votará a favor do mesmo aínda recoñecendo que se houbera máis diñeiro encima da mesa sería mellor como así o manifestou a concelleira do BNG, porque lóxicamente nas áreas metropolitanas élle máis fácil ó existir máis viaxes, pero non debe ser algo definitivo no tempo senón que hai que seguir loitando para melloralo

O Sr. Martínez do PP expón que o seu grupo votará a favor do convenio e que entende que todos os convenios son mellorables, se ben neste onde existiu consenso entre a Xunta e os concellos da área metropolitana de Santiago o Lóxico e apoiálo e axudar para que sexa mellorable.

Posto a votación o citado convenio apróbase con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 voto en contra do BNG

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE relativa á Orde da Consellería de Medio Ambiente, do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ó



desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010

Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE, na que se expón que no DOG do pasado 26 de febreiro saíu publicada a Orde da Consellería do Medio Rural, do 22 de febreiro, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ó desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, e dentro da mesma inclúense as axudas para compensar ós gandeiros do sector lácteo en zonas desfavorecidas ou vulnerables dende o punto de vista ambiental, que están destinadas a explotacións situadas en zonas de montaña e con limitacións específicas ; en zonas desfavorecidas por despoboamento e para as explotacións que ademais dos anteriores supostos dispoñan de base territorial para alimentación do gando produtor de leite.

Deste xeito as explotacións situadas en Vedra quedan excluídas na convocatoria de axudas compensatorias, ó non ser unha zona de alta montaña, nin con limitacións específicas nin desfavorecidas polo despoboamento

Outras Comunidades Autónomas para compensar o tarto desigual que reciben as explotacións que quedan fóra das zonas desfavorecidas á hora de percibiren as axudas estableceron nas bases que regulan as axudas do PAC unha liña de axudas para o fomento de prácticas de benestar animal nas explotacións lácteas en entornos periurbanos, pero o Goberno Galego non levou a cabo ningunha actuación para corrixir este agravio

Por todo iso solicita a adopción do seguinte acordo:

1º.- Diseñar e implementar unha liña específica de axudas para o ano 2010, coa dotación orzamentaria suficiente, de xeito que se compense as explotacións leiteiras que resulten discriminadas por quedar excluídas das zonas de montaña ou con limitacións específicas ou zonas desfavorecidas polo despoboamento, que permita resolver a situación desigual respecto doutras explotacións garantindo así a súa viabilidade nun momento de grave crise.

2º.- Levar a cabo durante o ano 2010 unha modificación do PDR 2007/2013, que permita destinar fondos adicionais, de cara a establecer axudas para o ano 2011, que compensen a situación de desigualdade das explotacións leiteiras excluídas das zonas economicamente vulnerables ou sensibles.

Intervén dona Ana Picón do PSdeG-PSOE e fai un balance da situación deste último ano para o sector agropecuario, porque son moitas cousas que levan acumulando os gandeiros e non teñen maneira de subsistir; o prezo do leite é o máis baixo da súa historia, por parte da Xunta non se fomentan os contratos homologados, a redución de axudas para a cobertura de seguros agrarios. Menciona tamén o arrendamento da factoría de leite Pascual polo grupo La Arzuana e venda de Puleva a unha empresa francesa, imposibilitando deste xeito a creación dun grupo lácteo galego

Expón ademais que as liñas de axudas que existían nestas datas non se sabe nada delas , como as de incorporación de mozos á agricultura; plans de mellora "renove", e sumado a que agora nas PAC a maioría de concellos da provincia de Coruña quedan fóra, a renda dos gandeiros son superbaixas. Di que o obxectivo do seu grupo é que todo o sector non dependa de subvencións, pero nesta época de crise non se deberían recortar, por iso solicita á Xunta de Galicia que habilite unha



partida para que non se produza un peche masivo das explotacións e un desemprego total no sector, que implicaría asimismo a despoboación do rural.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di estra totalmente de acordo co exposto pola concelleira do PSdeG-PSOE, se ben manifesta que a responsabilidade da situación do agro galego non só é da Xunta de Galicia senón tamén do Ministerio, por iso solicita a incorporación na moción dos seguintes puntos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, que no ano 2011 se modifique o Real Decreto que regula as axudas da PAC, de xeito que a axuda ás explotacións lácteas non discrimine ás explotacións segundo a súa ubicación xeográfica

2.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno Central que se dote un verdadeiro Fondo Lácteo, de carácter extraordinario, destinado a mellorar a viabilidade das explotacións e preparar ó sector lácteo para un futuro sen cuotas, que entre outras, financie as seguinte medidas:

2.1.- Axudas compensatorias, destinadas a explotacións profesionais cunha dimensión que as fai especialmente vulnerables, e aquelas explotacións que nos últimos anos experimentaron un maior incremento da súa cuota e un maior esforzo investidor

2.2.- Axudas a compromisos agroambientais

2.3.- Apoio financeiro ós investimentos

Por último sinala que apoiará a moción independentemente de que se acepte ou non a emenda presentada, se ben quere deixar constancia da postura do BNG neste tema

O Alvela de TEGA di que vai apoiar a moción así como a emenda do BNG, pois entende que se son dúas as administracións implicadas sempre será máis fácil atopar unha posibilidade de incrementar esa liña de axudas

O Sr. Martínez do PP expón que si é certo que o agro está a atravesar unha situación difícil, pero non obstante a administración autonómica ten as mans atadas neste tema, dado que as políticas agrarias veñen determinadas tanto en fondos coma en criterios pola Unión Europea, e entende que a Xunta de Galicia fai o posible para paliar a situación, tendo en conta que os fondos da UE sufriron un recorte importante

En canto ó texto da moción propiamente dita, di que as bases da axudas márcanse no RD. 86/2010, do 29 de xaneiro, da Administración Central, polo tanto á marxe de manobra da Xunta redúcese neste tema, sinalando que a Consellería do Medio Rural sempre tivo claro que ían quedar esas zonas excluídas, e de feito alegou pero Madrid tiña claro os seus criterios

Para rematar a intervención di que se se pretende incrementar as axudas para paliar esta situación, o PP está de acordo, máxime se se favorece ás explotacións do concello e se se aceptan as incorporacións do BNG mellor, pero a súa postura vai ser a abstención

Dona Ana Picón intervén e expón estar de acordo co exposto pola voceira do BNG e en canto ó exposto polo Sr. Martínez do PP di que é certo que Madrid é quen



senta as bases das axudas PAC, pero que ela fixo mención a outras axudas que son competencia da Xunta, como é o caso dos contratos homologados e as axudas para a incorporación de mozos, comparando a Galicia con Asturias, zonas ámbalas dúas desfavorecidas, pero que a segunda puxo o diñeiro que non viña de Madrid, cousa que non aconteceu en Galicia

Di por último que si é certo que estamos a atravesar unha situación difícil pero que todos os recortes se están a levar a cabo en Medio Rural

Sométese a votación a moción coa emenda do BNG, quedando a parte positiva polo tanto do seguinte xeito:

1º.- Diseñar e implementar unha liña específica de axudas para o ano 2010, coa dotación orzamentaria suficiente, de xeito que se compense as explotacións leiteiras que resulten discriminadas por quedar excluídas das zonas de montaña ou con limitacións específicas ou zonas desfavorecidas polo despoboamento, que permita resolver a situación desigual respecto doutras explotacións garantindo así a súa viabilidade nun momento de grave crise.

2º.- Levar a cabo durante o ano 2010 unha modificación do PDR 2007/2013, que permita destinar fondos adicionais, de cara a establecer axudas para o ano 2011, que compensen a situación de desigualdade das explotacións leiteiras excluídas das zonas economicamente vulnerables ou sensibles.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Medio Ambient, Rural e Marino, que no ano 2011 se modifique o Real Decreto que regula as axudas da PAC, de xeito que a axuda ás explotacións lácteas non discrimine ás explotacións segundo a súa ubicación xeográfica

4.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno Central que se dote un verdadeiro Fondo Lácteo, de carácter extraordinario, destinado a mellorar a viabilidade das explotacións e preparar ó sector lácteo para un futuro sen cuotas, que entre outras, financie as seguinte medidas:

4.1.- Axudas compensatorias, destinadas a explotacións profesionais cunha dimensión que as fai especialmente vulnerables, e aquelas explotacións que nos últimos anos experimentaron un maior incremento da súa cuota e un maior esforzo investidor

4.2.- Axudas a compromisos agroambientais

4.3.- Apoio financeiro ós investimentos


O Pleno, con 8 votos a favor do PSdeG-PSOE , TEGA e BNG e 5 abstención do PP, acorda aprobar a mesma.

4º.- Aprobación, se procede, do convenio do persoal laboral deste concello

Dáse conta do convenio colectivo do persoal laboral deste concello

Dona Xosefina R. Guitián do BNG felicita o feito de que ó final exista un convenio colectivo do persoal laboral de Vedra, se ben sente que o BNG non lle poida dar ó seu apoio á redacción do mesmo e só por un artigo (art. 86)

Di que lle parece ben que o convenio recolla todas as melloras recoñecidas por lei para un colectivo de empregados públicos e tamén a subida de soldos, sobre todo para os que menos cobraban , que seguen a quedar baixos, pero por co-



herencia coa postura mantida sempre polo BNG respecto da escrupulosidade no acceso á función pública non están de acordo coa redacción do artigo 86, que fai referencia á consolidación do emprego temporal, e non porque estean en contra do sistema, senón porque bastante é que se recoñezan eses procesos, que supón que a experiencia nunha administración pública se poida valorar moi especialmente por encima doutras convocatorias públicas e chegar ata o 40%, como para que se pretenda establecer un proceso de consolidación de emprego temporal que a lei contempla como excepcional se converta en algo marcado neste artigo, dado que se non proceso que se lle recoñece a xente un 45% cando a lei di 40% e despois só se pode acceder por concurso, non está sometido a unha oposición senón que se lle está a regalar unha praza.

Di que lle parece ben que se lle recoñezan os méritos que teñan, que se tente consolidar emprego pero que deberían pasar un filtro que pasan todos os funcionarios e aprobar unha oposición

En canto á puntuación máxima dos méritos (45%), di que un dos representantes dos traballadores fixo mención a unha disposición transitoria, pero segundo os seus informes existen no convenio dúas cousas de moi dubidosa legalidade, que son a valoración máxima (45%) dos méritos e que o Estatuto Básico do Emprego Público establece eses procesos para os traballadores contratados con anterioridade a 01/05/2005 e no convenio fai mención ós contratados con anterioridade a 01/01/2007


Por último di que posiblemente se este convenio que se lle enviou o luns e se respectase a vontade que mencionou o Tenente de Alcalde na Comisión Informativa de previamente a someterse a votación no pleno informar e dialogar cos voceiros nunha Xunta, quizais estas dúbidas non existisen e se podería chegar a un acordo, e que entende perfectamente a postura dos traballadores e que existise un compromiso do equipo de goberno con eles, pero non entende que quen pretende gobernar este concello diga que non ten nada que dicir neste tema, e que lamenta que por este artigo o BNG non poida apoiar o convenio

O Sr. Alvela de TEGA di que apoiará o convenio, dado que os presentes non redactaron as leis, dado que entende que serían distintas polo feito de estar ante un colectivo que ten moitas vantaxes con respecto ós demais traballadores, á marxe de que o Consello da Xunta teña que revisalo e se existisen artigos que cumpren coa legalidade, como apuntou a voceira do BNG, haxa que corrixilo

O Sr. Martínez do PP felicita ós traballadores e ó equipo de goberno por chegar a un acordo, e que coa aprobación só está a pasar un trámite, e se existe algunha dúbida da legalidade en calquera artigo teñen que pasar outros filtros, como o da Xunta de Galicia

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que coa aprobación culmínase un proceso moi longo e que agradece o apoio e as felicitacións dos grupos políticos, pero tamén os esforzo dos traballadores para acadar este acordo, dada a situación de crise e a situación dos concellos neste momento.

Con respecto ó posicionamento do BNG di que entende a súa postura, se ben considera que o voto en contra se podería aferrar dado que as dúbidas en canto ás posibles ilegalidades do artigo 86 os sindicatos garantizaron a súa legalidade, e o convenio terá que pasar outros filtros onde se verá se hai que facer modificacións ou non.



Con respecto ó sistema de concurso dí que legal, tal e como establece o Estatuto Básico do Empregado Público (art. 61.7) e que tampouco é obrigatorio que esas prazas se vaian a cubrir por concurso, senón que serán as bases de cada praza as que o decidan; é dicir, que estas condicións non son de obrigatorialidade aprobación, senón que se poderán aplicar ou non.

Dona Xosefina Guitián dí que aínda que non sexa nada pechado está a marcar as bases, e a súa proposta entende que é bastante máis razoable mantendo absolutamente todos os dereitos dos traballadores nun proceso de consolidación de emprego. Sinala tamén que o concurso claro que é legal pero que se está levar ó lími

te como tantas outras veces, pois a lei establece que debe ser excepcional, e no convenio establécese como idóneo para determinadas prazas

Posto a votación o citado convenio apróbase con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 voto en contra do BNG.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta de dona Xosefina R. Guitián do BNG sobre do destino da terra que se sacou dunha finca particular en Vedra co tractor municipal, cédelle a palabra o concelleiro de obras, Sr. Iglesias, que di que se lle pediu ó veciño propietario da finca para levala para o entorno da casa de San Fins

--Á pregunta do Sr. Alvela de TEGA sobre do convenio asinado con Editorial Compostela, a Presidencia contéstalle que se chegou a ese acordo para publicitar todas as festas gastronómicas e outro tipo de actos do concello, e que en exercicios anteriores o importe do gastado foi superior, entendendo que con isto se vai aforrar

--Ás preguntas do Sr. Martínez do PP a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do arranxo en Ponte Ulla do camiño que vai dende o cruce ata o Castro, di que se vai vaciar todo o camiño, agás a parte que está empedrada, e rechear de novo, para que quede en perfectas condicións

2.- En canto á sinalización do tramo do cruce a Caldelas, di que se solicitou á consellería a colocación de elementos e sinalización oportuna

3.- Sobre da colocación de farolas en Merín que se fará cando se poida

6º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG, pregunta:

1.- Nun pleno anterior contestouse que existe un acceso ó Muíño de Castiláns, e os veciños non coñecen o mesmo, polo que pregunta de novo cal é o acceso

A Presidencia contéstalle que o acceso ó citado Muíño, ó igual que noutros muíños que pasaron polo proceso de concentración, é ó carón da presa de rego que vai ó muíño

2.- Solicita que se faga a comprobación do Rexistro Municipal de Asociacións da que se falaba no regulamento, non tanto de cales asociacións funcionan ou non coma de se funcionan todas aquelas que teñen cedido o uso dalgún local municipal



3.- Solicita ademais de cando é a licenza da antena de telefonía móbil que está ó carón do Mesón Universo en Santa Cruz de Ribadulla

A Presidencia di que se comprobará pero que lle parece que esa antena non ten licenza, pois entende que o Sr. Marqués fixo unha alegación por estar no ámbito de protección do Pazo

--O Sr. Alvela de TEGA dá conta do rogo que lle transmitiu o Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla, sobre da posibilidade de colocar no cruce da N-525 en Santa Cruz de Ribadulla un semáforo ó ser un lugar de perigoso para cruzar a pesares de estar limitada a velocidade a 50 Km/hora

A Presidencia expón que no ano 96 o Xefe da Delegación de A Coruña, don Angel González del Rio, cando se fixo a mellora da estrada, sendo Alcalde de Vedra don Pedro Guitián, fixo un pequeno proxecto de paso elevado

Máis tarde redactouse un proxecto que contempla varios pasos subterráneos e elavados para toda a provincia de A Coruña, e este mércores pasado a Deputada do PSdeG-PSOE, dona Mar Barcón, mantivo unha entrevista co Sr. Blanco, Ministro de Fomento para tratar temas puntuais de Galicia, e dende a Alcaldía solicitóuselle a Fomento o nome e clave do proxecto e remitiúselle por correo a citada deputada de cara á entrevista

--O Sr. Martínez do PP fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Sr. Alcalde é certo que houbo unha paralización das obras da estrada Vedra -Santa Lucía por parte da Deputación?. De ser así, a que foi debido?. Hai algunha modificación prevista no firme da vía con respecto do proxectado inicialmente?. Hai algún cambio na proposta feita pola Deputación ó respecto das obras a realizar no centro da parroquia (campo da festa, beirarrúas e casa social) acordadas coa parroquia e aprobadas en reunións parroquiais?. Solicitamos que fagan as xestións necesarias para que estes acordos se manteñan.

Que xestións fixo ou está a facer para axilizar a última fase e a construción dunha nova ponte?

2.- Cando se vai arranxar a pista Cibrán -Oza executada fai pouco e chea de desperfectos? Vaino facer a empresa que fixo as obras ou vaise responsabilizar o concello?

3.- Nas obras de saneamento de Paradela vai quedar sen conectar o tramo dende A Poza ata a pista a Quintas contemplaba no proxecto? É certo de que as cases do outro lado da vía ó respecto do que pasa á rede non van poder enganhrase a ela?. Rogamos que se lle dea unha pronta solución a estes problemas pois de pouco vale ter tubos enterrados se non dan servizo.

4.- Volvemos a solicitar que se coloquen os taboleiros que se retiraron nalgúns lugares, que se reparen os que están rotos e se trate de dotar ás aldeas que non os teñen.

5.- Cómo está o tema da antena de telefonía móbil para solucionar os problemas que hai en San Xián, Illobre e San Fins?

6.- Cómo está o tema do velatorio de Vedra?

7.- Rogamos que por parte do Concello se faga a conexión ó alcantarillado da casa cultural de Santa Cruz de Ribadulla, e unha vez conectada e en funcionamento se poida sacar a fosa séptica que estaba a facer a citada función



8.- Na pista da Torre en San Xián, que nestes días non puido ser bacheada por auténticos “cráteres”, rogamos busquen unha solución temporal a ditos buratos mentras non se arranxe de forma definitiva

7º.-Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

